



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ESPECÍFICO ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE OURENSE E ADIF ALTA VELOCIDADE PARA O FINACIAMENTO E EXECUCIÓN DAS OBRAS DO APARCADOIRO PARA TURISMOS DA FUTURA ESTACIÓN INTERMODAL DE OURENSE, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

1. ANTECEDENTES

O 22 de xuño de 2016 asinouse un Convenio Marco de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Ourense e a Entidade Pública Empresarial ADIF Alta Velocidade, para o desenvolvemento da futura estación intermodal de Ourense e a súa contorna urbana.

No devandito convenio establecíanse, entre outros ámbitos de colaboración, a execución dunha estación intermodal en Ourense que poña a disposición do usuario a posibilidade de combinar diferentes modos de transporte público (ferrocarril e autobús) dunha maneira rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico.

Entre as actuacións para realizar inclúese a construción dun novo aparcadoiro subterráneo que dea cobertura ás necesidades da nova estación intermodal.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda elaborou o proxecto da nova terminal de autobuses integrada na estación intermodal, de acordo co deseño exposto nos estudos previos elaborados pola consellería en decembro de 2015, segundo o disposto no punto uno da Cláusula Segunda do Convenio Marco.



Así mesmo a consellería redactou en marzo de 2018 o proxecto do novo aparcadoiro para turismos, para dar cobertura ás necesidades da nova estación intermodal, segundo o disposto no punto dous da Cláusula Segunda do Convenio Marco .

A futura estación de autobuses e o novo aparcadoiro para turismos situaranse de forma tal que se garanta o efectivo intercambio modal, situándose a primeira, nunha parcela contigua á estación ferroviaria e o segundo, na praza fronte a esta mesma estación, propiedade de ADIF.

Pola súa banda, ADIF-Alta Velocidade redactou o anteproxecto da estación ferroviaria de Ourense que inclúe actuacións de integración urbana, permeabilización transversal peonil da barreira ferroviaria e unha conexión viaria que comunica as áreas urbanas separadas pola infraestrutura da estación, en cumprimento da Cláusula Sétima do Convenio Marco, como paso previo á redacción dos correspondentes proxectos de execución, de acordo co punto uno da Cláusula Quinta do Convenio Marco.

Por acordo da Comisión de Seguimento do convenio marco de colaboración do 13 de febreiro de 2017, foi a Consellería de Infraestruturas e Vivenda quen tramitou o Proxecto Integrado da Intermodal de Ourense no marco da Lei 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese da Comunidade Autónoma de Galicia, por consideralo un proxecto público de urxencia ou de excepcional interese desconforme co plan urbanístico.

O devandito proxecto está integrado polos seguintes documentos:

1. Anteproxecto Global para a adaptación da estación de Ourense aos servizos de Alta Velocidade, contratado por ADIF e.
2. Proxecto básico da terminal de autobuses integrada na estación intermodal de Ourense.



3. Proxecto básico do novo aparcadoiro para turismos, integrado na estación intermodal.

2. RAZÓNS DE OPORTUNIDADE E XUSTIFICACIÓN DA NON CONCORRENCIA

A Cláusula Oitava do Convenio Marco sinala: *"Os acordos incluídos no presente Convenio Marco de Colaboración requirirán, para ser vinculantes, o seu desenvolvemento a través dos correspondentes Convenios de desenvolvemento que se subscribirán, previa tramitación necesaria no seu caso, entre as Entidades intervenientes.*

E que, en todo caso, para a tramitación e formalización das achegas económicas das Administracións e entidade pública asinante, unha vez coñecidos con exactitude os custos das actuacións, procederase a subscribir un Convenio de Colaboración de acordo coa lexislación vixente na materia, que recollerá as obrigacións que financeiramente deban asumir as respectivas Administracións e entidade pública interveniente e as súas contraprestacións".

O 17 de outubro de 2107, a Comisión de Seguimento do Convenio Marco de colaboración acordou que fose ADIF-Alta Velocidade quen licite e execute a obra do aparcadoiro subterráneo obxecto deste convenio.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 19.4 c), establece que poderán concederse de forma directa as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras que debidamente xustificadas dificulten a súa convocatoria pública.

Neste contexto, considérase xustificado que ADIF-Alta Velocidade realice as obras do aparcamento obxecto deste convenio de colaboración, como elemento que complementa a actuación global da estación intermodal de Ourense, que inclúe actuacións de integración



urbana, permeabilidade transversal peonil da barreira ferroviaria e unha conexión viaria que comunica as áreas urbanas separadas pola terminal de ferrocarril.

E considérase xustificada a vontade das tres entidades de facilitar a coordinación para promover a utilización do transporte público e a mobilidade sustentable, a través de medidas e actuacións destinadas a alcanzar a intermodalidade entre o transporte público de viaxeiros en autobús e o transporte público de viaxeiros en ferrocarril para o que se subscríbe este convenio específico de colaboración, como desenvolvemento do Convenio Marco, que se tramitará de acordo coas normas previstas nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. OBXECTIVOS QUE SE PRETENDEN.

O convenio ten por obxecto establecer e concretar o réxime de colaboración entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, ADIF-Alta Velocidade e o Concello de Ourense, para o financiamento, construción, mantemento, conservación e explotación do aparcadoiro para turismos integrado na nova estación intermodal de Ourense, co fin de remodelar e ampliar o aparcadoiro existente coa construción dun novo que dea cobertura ás necesidades da nova estación intermodal.

As solucións a desenvolver están incluídas no "Proxecto do novo aparcadoiro para turismos, integrado na estación intermodal de Ourense", contratado pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda en marzo de 2017.

Neste proxecto recóllense as seguintes actuacións:

- Construción dun aparcadoiro provisional nas inmediacións do actual edificio da estación de ferrocarril de Ourense que dea cobertura ás necesidades de aparcadoiro da estación de ferrocarril durante o período no que duren as obras de construción do aparcadoiro definitivo.



- Construción dun novo aparcadoiro para turismos nas inmediacións do actual edificio da estación de ferrocarril de Ourense, baixo a praza de acceso da estación intermodal. Tratarase dunha infraestrutura subterránea, desenvolvida en 2 plantas e cunha capacidade mínima de 280 prazas.

4. ESTIMACIÓN DE CUSTOS E FINANCIAMENTO.

Segundo figura no Convenio Marco de 22 de xuño de 2016 e no acordo do 17 de outubro de 2017 da Comisión de Seguimento do Convenio Marco, a Administración propietaria do aparcadoiro e encargada da súa construción e explotación será ADIF-Alta Velocidad.

O importe das actuacións obxecto do convenio estímase nun total de 5.822.250 euros (IVE excluído) que serán asumidos por ADIF Alta Velocidad nun 33% e pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Dirección Xeral de Mobilidade nun 67%.

O 100% da cantidade en concepto de IVE facturado pola empresa adxudicataria do contrato será abonado por ADIF Alta Velocidade.

A consellería financiará os seguintes custos (IVE excluído) estimados:

	2018	2019	2020	TOTAL
CONSELLERÍA	312.072,60 €	3.432.798,60 €	156.036,30 €	3.900.907,50 €

A consellería financiará a súa participación no convenio coa cantidade máxima de 3.900.907,50 euros, con cargo aplicación 08 02 512A 703.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo cofinanciado o 80% deste importe polo Fondo



Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

A xustificación e pagamento dos gastos realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da citada lei, prevéndose a posibilidade de realizar pagos anticipados segundo o disposto no artigo 63 do regulamento.

Santiago de Compostela

(Asinado dixitalmente)

O director xeral de Mobilidade

Ignacio Maestro Saavedra

